

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE NOVEMBRO DE 2012

LICENZAS

EDIFICACIÓN

AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA

LIC/605/2012.- CONSORCIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Rehabilitación e ampliación da Edificación tradicional existente na rúa de Ponte Pedriña de Arriba para Centro nacional de referencia de formación en materia de rehabilitación.

APERTURAS

LAP/7/2010.- HUNE RENTAL SLU.- Licenza de apertura de almacén para maquinaria de construción sita na RUA ESLOVAQUIA (DE), 9. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente para o ditame de incidencia ambiental.

LAP/114/2012.- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Licenza de apertura para centro de investigación de biomedicina experimental na rúa ANTONIO RAMA SEOANE (DE). Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente para o ditame de incidencia ambiental.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/1810/2012.- SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAFOS ...LIC/1763/2009
1.200 €.-

LIC/1813/2012.- RICARDO ARIAS VICENTE ...LIC/1730/2000 250.000 ptas.

5 a 20.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, nas taxas por subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

21.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación dunha solicitude de exención no Imposto sobre Bens Inmobles.

A XGL denegou a exención do pago do IBI á Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos xa que este non é un imposto que grave a actividade senón que é un tributo local que grava a titularidade de dereitos sobre bens inmobles, non procedendo polo tanto aplicar o beneficio fiscal invocado.

22.- Anulación e aprobación de novo prego para a Explotación de bar-cafetería no quiosco do paseo Alto da Ferradura na alameda de Santiago de Compostela

A vista do informe do Xefe de Servizo da OCIHR e a proposta da Concelleira de Urbanismo, a XGL tivo a ben aprobar un novo prego para a explotación de bar-cafetería no quiosco do paseo Alto da Ferradura na Alameda de Compostela, quedando anulado o prego aprobado pola XGL do 25 de outubro. No aprobado agora quedan recollidas as suxerencias formuladas pola OCIHR. A cafeteria poderá ter unha extensión de 120 m², terrazas incluídas, e deberá aboar un canon anual ó Concello de 10.454,30 €/ano.

23.- Dar conta pola Alcaldía da sinatura de diversos convenios reguladores de subvencións nominativas a entidades de carácter cultural.

Asociación Cultural Cidade Vella: 10.200 €; Casa da Troia: 4.000 €; Fundación Rosalía de Castro: 4.250 €; Música en Compostela: 4.250 €; Federación de Libreiros de Galicia: 4.250 €; Real Sociedade Económica de Amigos do País: 6.000 €; Asociación Cultural-Musical Solfa: 4.250 €; Asociación do Traxe Galego: 4.250 €; Conservatorio de música tradicional e folque: 10.000 €; Ateneo de Santiago: 1.700 €.

URXENCIAS

- Apróbase a proposta do concelleiro de Seguridade relativa ao inicio do expediente de contratación para o subministro de prendas a medida para o persoal da Policía Local para o ano 2012. Adxudicarase mediante procedemento negociado por un importe total de licitación de 55.930 €.

- A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Sanidade para a contratación do Servizo de desratización e desratonización no termo municipal de Santiago de Compostela por un importe total de licitación de 25.662,94 €.

- Apróbase iniciar o expediente de contratación do Servizo de Conservación e Mantemento do Parque de Salgueiriños, reservado a centros especiais de emprego por un importe de licitación total de 100.000,45 €.

- Apróbase a reparación de firmes e pavimentos por importe de 218.000 euros para as rúas de Alfredo Brañas, Rapa da Folla, Frei Rosendo Salvado e San Pedro de Mezonzo (tramo República Arxentina-A Rosa).

- Apróbase o inicio do proxecto de reurbanización da rúa de San Pedro por importe de 486.000 euros.

- Apróbase a realización do programa Á auga patos, das Concellerías de Deportes e Educación, para 350 rapaces (250 para colexios e 100 para entidades sociais).

- Apróbase a sinatura dun convenio para cesión do mantemento dos campos de fútbol de Marrozos e Grixoa.

- Apróbase a realización do programa de conciliación laboral e familiar Nadal 2012 por importe de 19.125 euros.

- Apróbase o convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello para o desenvolvemento do Plan de Competitividade Turística por importe de 143.000 euros (115.000 achegados pola Deputación, o resto, polo Concello). Tamén se realiza a encomenda de xestión a Incolsa.